

*A*Biblio
teca de Vilamartín

informa

Recentes adquisicións

Carta geométrica de Galicia. 1817
Domingo Fontán

A “Carta geométrica” é un mapa de Galicia, o primeiro que se fixo coa metodoloxía cartográfica moderna. Domingo Fontán foi un pontevedrés adiantado ó seu tempo, que soubo ter en conta as necesidades científicas do século XIX.

Nesta obra de 80 páxinas, editada por Teófilo edicións, recóllese a súa biografía e se acompaña dunha reprodución do mapa de Galicia que pódese contemplar na Biblioteca.

Se queres manterte informado/a desta e outras novas de A Biblio, podes perdilo neste enderezo de mail: adelgado@acta.es.

Recentes adquisicións

O nariz dun notario. 1862

Edmond About

Din a contracuberta deste libro, publicado pola editorial Hugin e Munin:

Edmond About ofrece nesta novela curta, publicada en 1862 con grande éxito, un acedo retrato da sociedade de mediados do século XIX, marcada pola desigualdade entre as clases populares e unha burguesía só preocupada polo seu aspecto e as relacións sociais, carente de escrúpulos para lograr os seus fins, por disparatados que sexan. Ademais, a obra contén un curioso tratado sobre a cirurxía facial ateigado de especulacións médicas expostas nun ton que se achega por veces á caricatura.

O nariz dun notario narra a historia de Alfred L'Ambert, un desdeñoso e fatuo notario parisiense que só se interesa por alternar na

Ópera e nas festas da boa sociedade. O home vese envolto nun duelo co turco Ayvaz-Bey, secretario da embaixada otomá na capital francesa, por mor dunha bailarina, a señorita Tompain, pretendida por ambos os dous. O infortunio ocasiona que L'Ambert perda parte do seu nariz e que lle acontezan numerosas vicisitudes para recuperar a integridade do seu prezado rostro. O notario non dubida en mercar a pel e o tempo de Romagné, un mozo auvernés co cal vivirá non poucos desgustos e ao que verá unida a súa sorte.

Esta parábola, artellada dende o rexistro irónico e un humor que se achega por veces ao absurdo, ademáis de garantir unha lectura entretida, suscita á reflexión sobre a confrontación entre clases sociais, os prexuízos vixentes no século XIX e as situacións hilarantes ás que conduce a falta de escrúpulos.

Se queres manterte informado/a desta e outras novas de A Biblio, podes perdilo neste enderezo de mail:
adelgado@acta.es.

Recentes adquisicións

O caderno bermello. 1811

Benjamin Constant

Publicado pola editorial Hugin e Munin.

Benjamín Constant escribe este relato autobiográfico aos corenta e catro anos, e nel céntrase nos seus primeiros vinte anos de vida, aínda que máis da metade está dedicado ao ano 1787, cando se interrompe de modo abrupto. A instancias do pai, Constant vai entrar ao servizo do duque de Brunsvic, aceptando así un estado na sociedade e o sometemento á autoridade paterna e deixando atrás a falla de compromiso propia da mocidade.

Este relato, celebrado por persoeiros tan diversos como Italo Calvino, Jules Michelet ou Jean Jaurés, inscríbese de

maneira voluntaria na tradición literaria, emparentando non sen ironía con motivos da picaresca e a novela de formación. Deste xeito, a través da figura deste mozo impulsivo e intrigante, adorado por uns e odiado por outros, vanse enfiando barrabasadas xuvenís e sucesos xocosos e traxicómicos, unindo á aceda axilidade dos contos de Voltaire ou da *Viaxe sentimental* de Sterne, a ironía constante e a lucidez á hora de observar o comportamento humano e as súas contradicións.

Se queres manterte informado/a desta e outras novas de A Biblio, podes perdilo neste enderezo de mail: adelgado@acta.es.

Recentes adquisicións

eSPedición. 2015 **Juanra Madariaga**

Din a contracuberta deste libro, publicado pola editorial Hugin e Munin:

A presente obra, publicada orixinalmente en éuscaro en 2015, entronca coa chamada literatura de montaña, difuso subxénero que linda e comparte elementos coa literatura de viaxes e tamén coa de exploración. Cabe sinalalo na medida na que no mercado editorial galego apenas existen mostras desta clase de textos.

Para a conformación de “*eSPedición. O poder dunha montaña*”, Juanra Madariaga, autor vasco de gran prestixio no ámbito da poesía, optou por conxugar

crónica e lirismo. A narración en primeira
persoa parte dunha travesía cara ao
cumio do Shisha Pangma, o SP, a
montaña de 8.027 metros de altura no
cordal Himalaia; consonte avanza o texto,
o protagonista explica a orixe da súa
paixón, relata as duras condicións que
deben afrontar os aventureiros e achega
multitude de referencias literarias que
acompañaron ao longo da historia do
montañismo a aqueles que, coma él,
algunha vez ousaron coroar as cristas
máis altas do planeta.

Se queres manterte informado/a desta e outras
novas de A Biblio, podes perdilo neste enderezo
de mail: adelgado@acta.es.

Recentes adquisicións

Detrás da máscara. 1866 **Louisa May Alcott**

A Louisa May Alcott conóceselle principalmente pola escritura da novela “Mujercitas”

Din a contracuberta deste libro, publicado pola editorial Hugin e Munin:

En 1975, unha editora independente neoiorquina e experta en Alcott, Madeleine B. Stern, rescatou esta obra (publicada en 1866 có título “Detrás da máscara: o poder dunha muller”) do esquecemento e propiciou a súa relectura atenta, sobre todo por parte da crítica ligada á teoría feminista; de feito, hoxe está considerada unha das grandes obras do subxénero coñecido como “novela

sensacionalista”, de enorme popularidade nas décadas de 1860 e 1870 no mundo anglosaxón.

A historia segue o devir de Jean Muir, muller independente de grande intelixencia que se revelará como unha peculiar *femme fatale*. A protagonista chegará para traballar como institutriz da adolescente Bella na mansión dos Conventry, feito do que se servirá a autora (quen por certo asinara a obra, e tamén outras dúas, co pseudónimo A.M. Barnard) para despregar unha serie de temas que lle interesaban: o ascenso social e o sistema de clases e xerarquías, o finximento, os intereses ocultos, a sedución ou a forza da determinación.

Se queres manterte informado/a desta e outras novas de A Biblio, podes perderlo neste enderezo de mail: adelgado@acta.es.

Recentes adquisicións

Colleita vermella. 1929

Dashiell Hammett

Din a contracuberta deste libro, publicado pola editorial Hugin e Munin:

Obra pioneira do xénero negro, considerada unha das mellores novelas en lingua inglesa do século XX. Foi lida como enxeñosa alegoría, como apoloxía marxista do sindicato organizado (para o caso, a mafia) e como virulenta comedia negra ao redor do asasinato.

A historia arrinca coa chegada dun detective privado á gris cidade de Personville (Poisonville, a cidade do veneno)

Se queres manterte informado/a desta e outras novas de A Biblio, podes perdilo neste enderezo de mail: adelgado@acta.es.

Colleita vermella

Dashiell
Hammett



Recentes adquisicións

Os donos das cinsas. 2017

Benigno Yáñez Pérez

Din a contracuberta deste libro, publicado
pola editorial Urco:

**—Isto é legal? Pois se é legal, é
ético. Non hai más volta!**
**—Se é legal é ético? De verdade
cres o que dis?**

Esta novela gañou a XVII edición do premio Vicente Risco. Emprega a ficción para contar a actualidades e a novela para facer xornalismo. A ética, a política, os novos movementos, o caciquismo, a xustiza, as leis e as trampas legais

mestúranse nunha historia de evolución humana e deriva familiar na que nunca hai nada “bo”, senón “bo para algo”.

Recorda na dedicatoria:

“O maior castigo para as persoas ás que non lle interesa a política, é que serán gobernadas por xente á que sí lle interesa”

Arnold Joseph Toynbee.

Se queres manterte informado/a desta e outras novas de A Biblio, podes perdilo neste enderezo de mail: adelgado@acta.es.

Recentes adquisicións

Fernando Alsina e o seu
Diario de Guerra. 2015
Ricardo Gurriarán

Din a contracuberta deste libro, publicado
pola editorial Alvarellos:

Memoria dun home conservador, católico,
que apoiaba a Franco, pero cuxa peripecia
persoal está chea de matices, de afinidades
galeguistas, e de complexos episodios
profesionais e persoais.

O editor aclara en nota preliminar:
*“Publicando este Diario doulle voz, unha
vez máis, aos vencedores, aos que
tiveron xa a voz e o argumento
esmagadores durante corenta anos de
pedra? Ou abro, pola contra, un*

interesante debate —tamén de memoria histórica— sobre os que, estando no bando chamado nacional, vían a guerra e os seus desastres como unha desfeita e mesmo chegaban a criticar, en ocasións, aos falanxistas?”

Se queres manterte informado/a desta e outras novas de A Biblio, podes perdilo neste enderezo de mail: adelgado@acta.es.

Recentes adquisicións

En familia! 2010 **Alexandra Maxeiner**

Este libro foi premio nacional de literatura infantil e xuvenil en Alemaña en 2010. A edición en galego ten sido publicada por Hércules edicions. (A castelán por Takatuka).

O subtítulo desta obra: sobre a filla da nova parella do irmán da exmuller do pai e outros parentes, é ben representativo de o que trata.

Á dificultade de entendemento das relacións familiares con toda a súa posible diversidade.

Se queres manterte informado/a desta e outras novas de A Biblio, podes perdilo neste enderezo de mail: adelgado@acta.es.

Alexandra Maxeiner * Anke Kuhl

¡En familia!



TakaTuka

Recentes adquisicións

Maruja Mallo 2017

Elvira Ribeiro

Din a contracuberta deste libro, publicado
pola editorial Urco:

Ela era unha muller apaixonante e apaixonada... Unha muller libre e comprometida. Unha muller leal ás amizades e, sobre todo, unha muller brava.

É a gran pintora do surrealismo. O surrealismo é un movemento artístico e literario que se basea no mundo dos soños e da fantasía para se somerxer, a través da imaxinación, en mundos mais alá da realidade.

Como pasou a súa infancia e

adolescencia entre Galicia e Asturias, en vez de dicir que era galega ou asturiana prefería dicir que era “celta”.

Se queres manterte informado/a desta e outras novas de A Biblio, podes perdilo neste enderezo de mail: adelgado@acta.es.

Recentes adquisicións

Annus horribilis. 2017

Chévere

Din a contracuberta deste libro, publicado
pola editorial Kalandraka:

Annus horribilis é unha pequena ópera portátil integramente cantada en galego. Unha picadora escénica que esmiúza os estereotipos do xénero lírico e reinventa unha fórmula de teatro musical difícilmente clasificable.

As tribulacións da familia real británica son trasladadas a Galicia para escenificar intrigas cortesás, romances ilexítimos e loitas entre dúas liñas dinásticas enfrontadas: os Tamara contra os Cunters.

Recentes adquisicións

Río Bravo. 2017 **Chévere**

Din a contracuberta deste libro, publicado pola editorial Kalandraka:

Un lugar do (nor)Oeste, á saída dalgunha revolta, onde os homes son homes e as mulleres tamén. Un musical trepidante que esgota, por fin, os estereotipos do “western” ríndose de todos eles. Unha comedia disparatada. Unha festa teatral para goce de todos os públicos. O lugar onde Chévere se atopou consigo mesmo e iniciou a marcha lenta e implacable cara á busca da súa identidade.

Se queres manterte informado/a desta e outras novas de A Biblio, podes perdilo neste enderezo de mail: adelgado@acta.es.

Recentes adquisicións

Cando os nenos din BASTA.
2016

Francesco Tonucci

Din a contracuberta deste libro, publicado
pola editorial Kalandraka:

É un libro dirixido ao profesorado, ás nais
e pais, aos urbanistas, aos políticos, e
mesmo aos nenos e ás nenas.

A publicación de “A cidade dos nenos”, de
Francesco Tonucci, modificou a forma de
ollar as cidades desde a óptica dos
adultos. “Cando os nenos din basta” é a
continuación e a posta ao día desa
renovadora obra, na que o autor prefire
dar a palabra directamente aos cativos.
Mais, para que os nenos poidan

expresarse libre e espontaneamente, é preciso que os adultos queiran e aprendan a escoitalos, que se poñan ao seu carón e estean dispostos a defender as súas posicións e as súas necesidades.

Vinte e seis frases amosan propostas e protestas dos nenos e son o argumento para os capítulos do libro (ver anexo).

Se queres manterte informado/a desta e outras novas de A Biblio, podes perdilo neste enderezo de mail: adelgado@acta.es.

Recentes adquisicións

Educación para un mundo
novo. 1946

María Montessori

Din a contracuberta deste libro, publicado
pola editorial Kalandraka:

María Montessori foi unha das grandes
figuras da pedagogía universal, e a súa
obra, considerada como unha
contribución senlleira da pedagogía
progresista do último século, permanece
viva, espallada por todo o mundo.

“O propósito deste libro é o de mostrar e
defender as grandes capacidades innatas
no neno e orientar os docentes cara a un
novo xeito de considerar o seu traballo, o
que fará que o seu labor deixe de ser

unha ingrata tarefa para ser un gozo; que
pase de ser unha represión a unha
colaboración coa natureza”. *María
Montessori*

Se queres manterte informado/a desta e outras
novas de A Biblio, podes perdilo neste enderezo
de mail: adelgado@acta.es.